

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 22 DE XUÑO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

PRESIDENCIA

- Decreto polo que se conceden as Medallas Castelao 2023.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Joaquín Macho Canales como secretario xeral técnico da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a María Pilar Arias Graña.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Vimianzo, de varios treitos antigos das estradas AC-432, AC-441 e AC-552, xunto coa súa franxa de dominio público viario (DPV).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Decreto polo que se dispón que cese Pablo Casal Espido como secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Industria e Innovación.
- Decreto polo que se dispón que cese Paula María Uría Traba como secretaria xeral de Industria.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Industria e Innovación a José Ramón Pardo Cabarcos.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Industria a Nicolás Vázquez Iglesias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2023/24.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Persoas con Discapacidade a Begoña Abeijón Fernández.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Alberto Fuentes Losada como secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade a Natalia Lobato Mosquera.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Decreto polo que se dispón que cese José Ramón Pardo Cabarcos como secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- Decreto polo que se dispón que cese Covadonga Toca Carús como secretaria xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a Alberto Fuentes Losada.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral da Igualdade a Sandra Vázquez Domínguez.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social a Pablo Fernández López.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón que cese Nicolás Vázquez Iglesias como secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural a Joaquín Macho Canales.
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Mirallos, no concello da Peroxa (Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de San Amaro, no concello de San Amaro (Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Prado de Miño, no concello de Castrelo de Miño (Ourense).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón do inicio do trámite de audiencia e de información pública do anteproxecto de Lei do clima de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da obra denominada Novo Complexo Universitario da Coruña. Fase 1.1, cun orzamento base de licitación de trinta e cinco millóns cento oitenta e tres mil novecentos corenta e tres euros con trece céntimos (35,183,943,13€) e un valor estimado de trinta e un millóns setenta e dous mil euros con sesenta céntimos (31.062.000,60€),

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza á Axencia Galega de Innovación a realización de pagamentos anticipados ata o 80% da porcentaxe subvencionada co límite de que a suma dos pagamentos á conta e os anticipos non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario e a eximir da obriga de constituír garantías, polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, por importe de seis millóns douscentos mil euros (6.200.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (agora Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades) da Xunta de Galicia e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para a incorporación de auxiliares de conversa Fulbright para o curso 2023/24, por un importe total de catrocentos oitenta e seis mil seiscentos sesenta euros (486.660,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura das bases de colaboración entre o Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para dotar de auxiliares de conversa a centros educativos e escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2023/24, por un importe total de tres millóns setecentos vinte e dous mil oitocentos euros (3.722.800,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación dos límites indicados nos artigos 62.2 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, industria e Innovación, en relación coas axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de sete millóns cincocentos setenta e cinco mil trescentos corenta euros (7.575.340,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida nas normas de subvencións de Galicia, na Orde de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do Imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades, xestionado pola Consellería de Política Social e Xuventude (código do procedemento BS623D). Importe total: dezaioito millóns cincocentos trinta e tres mil novecentos noventa e dous euros con setenta céntimos (18.533.992,70€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida na normativa de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades privadas de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social para o anos 2023 a 2025 cofinanciada parcialmente pola Unión Europea no marco do programa FSE + Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS631A). Total: dezanove millóns setecentos trinta mil catrocentos vinte e cinco euros (19.730.425,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de economía circular.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a eximir as entidades con ánimo de lucro da constitución de garantías para a solicitude de anticipos, con respecto ao proxecto da orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de curta duración que desenvolvan as entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2023-2024, por un importe de dous millóns de euros (2.000.000 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Universidade de Santiago de Compostela para a posta en marcha dun proxecto de avaliación, testaxe e mellora de ferramentas de axuda á planificación dos usos agropecuarios e forestais por importe máximo de cen mil euros (100.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe acerca da proposta de cesamento e nomeamento do Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE AS MEDALLAS CASTELAO A LEDICIA COSTAS, SINIESTRO TOTAL, SUSANA RODRÍGUEZ GACIO, LINO DE PRADO E RAFAEL LÓPEZ

- Estas distincións recoñecen cada ano a persoas ou entidades que fixeron contribucións senlleiras e que levan o nome de Galicia máis aló das nosas fronteiras
- Rueda anuncia que a gala de entrega será o vindeiro 28 de xuño, coincidindo co "co aniversario do plesbicio do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia" e "do regreso a Galicia "dos restos mortais de Castelao"

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou esta mañá o nome dos galardoados coas Medallas Castelao 2023 que distinguen aos galegos que fixeron contribucións senlleiras e levaron o nome de Galicia máis aló das nosas fronteiras. O titular do Goberno autonómico informou de que os premiados deste ano son a escritora Leticia Costas, o grupo Siniestro Total, a deportista Susana Rodríguez Gacio, o empresario Lino de Prado e o oncólogo Rafael López.

Rueda salientou que a Xunta decidiu galardoar a escritora Leticia Costas, "unha das autoras mais recoñecidas e traducidas da literatura galega". Gañadora do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil en 2015, é autora de 16 libros infantís, unha novela de adultos e poemarios.

Tamén no eido Cultural, o Goberno galego recoñece a traxectoria do grupo de punk-rock Siniestro Total, liderada durante case 40 anos por Julián Hernández e que "foi un referente dos anos da movida en Galicia", salientou o presidente.

Outra das Medallas Castelao deste ano recae na médica e atleta paralímpica Susana Rodríguez Gacio. Ouro nas Olimpíadas de Toquio, Rueda explicou que Rodríguez "conta ademais con nove medallas no Campionato Mundial de Triatlón adaptado, sete no Campionato Europeo de Triatlón adaptado e acaba de revalidar o título de campioa de Europa en paratriatlón".

O empresario ouresán Lino de Prado, que emigrou hai décadas a México onde desenvolveu diferentes proxectos empresariais e foi directivo de Inditex, é outro dos premiados nesta edición "polo seu carácter emprendedor". "É un dos empresarios máis destacados de México e nunca esqueceu as súas orixes galegas", resaltou Rueda.

Por último, a Xunta concede a Medalla Castelao ao xefe de Oncoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS), Rafael López, polo seu "compromiso e dedicación para seguir avanzando na loita contra o cancro". López lidera diferentes

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

grupos de investigación a nivel nacional e internacional e ten publicados artigos en prestixiosas revistas científicas.

A Medalla Castelao é unha condecoración de carácter civil outorgada pola Xunta de Galicia ás personalidades e institucións que destacan polo seu traballo no eido artístico, literario e intelectual. "A gala de entrega celebrárase o vindeiro 28 de xuño, coincidindo co aniversario da aprobación do plebiscito do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia e do regreso a Galicia dos restos mortais de Castelao", explicou o presidente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE MARÍA PILAR ARIAS GRAÑA COMO SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Substitúe no cargo a Joaquín Macho Canales, que cesa a petición propia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a María Pilar Arias Graña como nova secretaria xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

María Pilar Arias Graña substitúe no cargo a Joaquín Macho Canales, que cesa a petición propia.

María Pilar Arias Graña

Nada en 1972, é licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña. En 2022 superou o proceso selectivo como funcionaria de carreira do Corpo Superior da Administración autonómica.

Desde 2010 e ata a actualidade exerceu como xefa da Sección Xurídica en Augas de Galicia, prestando asesoramento técnico e xurídico á dirección da entidade, participando na elaboración de propostas normativas, documentación e informes xurídicos, e levando a cabo traballos de colaboración e coordinación coas entidades locais en accións encamiñadas á mellor prestación dos servizos da auga.

Desde 2007 a 2009 foi xefa de sección da Empresa de Obras e Servizos Hidráulicos e de Augas de Galicia. Con anterioridade, desenvolveu a súa actividade profesional no sector privado, como avogada en consultorías de enxeñeiros e responsable de asistencias técnicas para distintas administracións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE VIMIANZO, DE 12 TREITOS ANTIGOS DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS AC-432, AC-441 e AC-552

- O cambio de titularidade forma parte do acordo co Concello, tras o remate das obras de reforzo de firme en 2 treitos antigos da AC-432, cun investimento autonómico de case 46.000 €, completados con accións de conservación de estradas
- A Administración local asume agora a titularidade dos doce treitos antigos destas tres vías, que suman en total algo máis de 3 quilómetros de lonxitude, e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vimianzo, dun total de 12 treitos antigos das estradas autonómicas: AC-432, Vimianzo-Camariñas; AC-441, Pereira-Berdoias; e AC-552, A Coruña-Cee, ao seu paso polo municipio, xunto co seu dominio público viario.

O Goberno galego acometeu obras de reforzo de firme nos antigos treitos da estrada AC-432 nos puntos quilométricos 2+000 (Calo-Bribes) e 7+000 (Tras do Ceán), ás cales destinou un investimento autonómico de case 46.000 euros. Ademais, e con medios de conservación de estradas da Xunta, completáronse as melloras noutros treitos que tamén son obxecto de cambio de titularidade a prol da entidade local.

Tras o remate destas obras, o Concello de Vimianzo solicitou a transferencia destes dous treitos antigos, ao tempo que ampliou esa petición para asumir distintos treitos das citadas estradas AC-432, AC-441 e AC-552, que suman en total algo máis de 3 quilómetros de lonxitude.

A transferencia tramítase agora de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello terá a competencia para actuar nos citados treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano dos treitos antigos das estradas AC-432, AC-441 e AC-552 obxecto da transferencia aprobada hoxe no Consello da Xunta:




COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Planta co detalle dun dos treitos antigos da AC-552 obxecto de transferencia:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

JOSÉ RAMÓN PARDO CABARCOS SERÁ O NOVO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento deste licenciado en Dereito e funcionario do Corpo Superior da Administración autonómica, que exercía como secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de José Ramón Pardo Cabarcos (Lugo, 1964) como secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Industria e Innovación. Pardo Cabarcos, licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e Máster en Xestión da Calidade da Formación pola UNED, era secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade desde setembro de 2020.

Funcionario de carreira do Corpo Superior da Xunta de Galicia, desde o ano 1993 desempeñou diferentes cargos na Administración autonómica, entre eles o de subdirector xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario da Consellería de Familia, Muller e Xuventude e o de secretario xeral da Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Pardo Cabarcos, que substitúe no cargo a Pablo Casal Espido, foi tamén subdirector xeral de Réxime Xurídico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza desde febreiro de 2015 ata setembro de 2020. No ámbito docente, foi titor do II Máster en Xestión da Calidade da Formación (UNED), así como relator de diversas conferencias sobre fundacións de interese galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE NICOLÁS VÁZQUEZ IGLESIAS COMO SECRETARIO XERAL DE INDUSTRIA

- Licenciado en Físicas e enxeñeiro industrial, ata a data era o secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural
- Previamente desempeñou diferentes labores no Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Nicolás Vázquez Iglesias (Lugo, 1974) como secretario xeral de Industria da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Vázquez Iglesias, que exercía desde setembro de 2020 como secretario xeral técnico da Consellería do Medio Rural, é licenciado en Ciencias Físicas e enxeñeiro superior industrial, con especialidade en Técnicas Enerxéticas. Conta tamén cun máster universitario en Xestión de Enerxías Alternativas e pertence ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala de enxeñeiros industriais.

Con experiencia no sector privado, desde xuño de 2001 ata outubro de 2015 traballou no Instituto Enerxético de Galicia, ocupando diferentes postos. Vázquez Iglesias, que substitúe no cargo a Paula Uría Traba, exerceu como vicesecretario xeral na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza desde novembro de 2015 ata setembro de 2020.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE RATIFICA A CONXELACIÓN DAS TAXAS UNIVERSITARIAS PARA O VINDEIRO CURSO, CUN AFORRO DE 16 M€ PARA AS FAMILIAS

- O Consello da Xunta dá visto e praxe ao texto de prezos públicos por servizos académicos no Sistema universitario de Galicia do que xa fora informado o pasado mes de maio
- Os prezos medios de todas as matrículas sitúanse en 11,89 €/crédito, exactamente igual que ata o de agora, co que son xa 13 os anos consecutivos sen subas

A Xunta aprobou hoxe o decreto que ratifica a conxelación dos prezos das matrículas universitarias para o vindeiro curso, un texto do que o Consello xa fora informado hai unhas semanas e que agora se aproba. Con este decreto, Galicia suma así xa 13 anos consecutivos en que os prezos das matrículas universitarias non varían.

O decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema universitario de Galicia para o curso 2023/24 establece un prezo medio de 11,89 €/crédito para todas as primeiras matrículas de grao e de máster non habilitantes (enfocados á especialización de coñecemento ou á investigación científica) e habilitantes (necesarios para exercer unha profesión). Isto fai que Galicia sexa a comunidade máis barata do Estado nos estudos de máster non habilitante e a segunda no caso dos graos e de máster habilitante (tan só superada por Canarias).

Esta medida supón, ademais, un aforro de preto de 16 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, en contías que van dos 215,40 €/curso de aforro para un estudante de grao aos 236,40€/curso para un estudante dun máster habilitante e os 962,40 €/curso no resto de másteres universitarios.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE BEGOÑA ABEIJÓN FERNÁNDEZ COMO DIRECTORA XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

O Consello da Xunta aprobou na reunión celebrada hoxe o decreto que nomea a Begoña Abeijón Fernández como directora xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Xuventude.

Begoña Abeijón naceu en Rois en 1986. É licenciada en Xornalismo pola Universidade de Santiago e en Medios de Comunicación pola Universidade de Glamorgan en Gales. Completou a súa formación universitaria cun Máster en Marketing Político en Santiago de Compostela.

Desde o ano 2018 ata a actualidade formou parte do gabinete da conselleira de Política Social e Xuventude como asesora, posteriormente como coordinadora e, finalmente, como xefa do gabinete. Con anterioridade, formou parte do gabinete de prensa do presidente da Xunta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

NATALIA LOBATO MOSQUERA, NOVA SECRETARIA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE

Substitúe a Alberto Fuentes Losada, que pasa a ocupar o cargo de secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

O Consello da Xunta nomeou hoxe a Natalia Lobato Mosquera, como nova secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade. A nova secretaria xeral é licenciada en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e premio extraordinario de licenciatura.

Funcionaria do Corpo Superior de Administración da Xunta, ata a actualidade ocupaba o cargo de vicesecretaria xeral na Secretaria Xeral da Presidencia.

A nova secretaria xeral de Sanidade conta con ampla experiencia na administración autonómica, onde ocupou diversos cargos dende o ano 2009. Entre outros postos, foi subdirectora xeral de Xestión Económico-Administrativa, así como subdirectora xeral de Réxime Xurídico, ámbolos dous cargos na Consellería de Presidencia. Tamén ocupou o cargo de vicesecretaria xeral dese mesmo departamento autonómico.

Natalia Lobato substitúe no cargo a Alberto Fuentes Losada, quen pasa a ocupar o cargo de secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ALBERTO FUENTES LOSADA COMO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Alberto Fuentes Losada como secretario xeral técnico da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Alberto Fuentes Losada naceu en 1981 en Vigo. En 2004 licenciouse en Dereito Económico-Empresarial pola Universidade de Vigo e conta cun máster universitario en Dereito das Administracións e Institucións Públicas pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) 2012-2013.

É funcionario do Estado – corpo de habilitación nacional- desde o ano 2007, onde ocupou diferentes postos ata abril de 2016, cando foi nomeado xefe territorial de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en Pontevedra (ata decembro de 2016). Desde xaneiro de 2017 ata o de agora exercía como secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A SANDRA VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ COMO SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Sandra Vázquez Domínguez como secretaria xeral da Igualdade, dentro do organigrama da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Sandra Vázquez naceu en 1986 en Vilalba (Lugo). É titulada en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago, máster en Finanzas e Seguros e xestora administrativa.

Foi senadora pola provincia de Lugo desde as eleccións xerais de 2015 ata o 2016, sendo vogal da Comisión de Economía e Competitividade, voceira da Comisión de Igualdade e vogal da Comisión de Peticións. Desde 2016 e ata a actualidade foi deputada autonómica, voceira na X lexislatura do Grupo Popular de Política Lingüística e de Innovación e Emprendemento.

É concelleira do Concello de Vilalba desde o ano 2015 e membro da Xunta Directiva do Partido Popular de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A PABLO FERNÁNDEZ LÓPEZ COMO SECRETARIO XERAL DE APOIO AO EMPREGO, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Pablo Fernández López como secretario xeral de Apoio ao Emprego, Tráballo Autónomo e Economía Social, dentro do organigrama da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Pablo Fernández López naceu en 1984 en Pontevedra. É titulado en Enxeñería Industrial pola Uned e en Enxeñeiría Técnico Industrial pola Universidade de Vigo.

Conta co título de técnico superior de prevención de riscos laborais e de especialista universitario en Deseño e Cálculo de Estructuras.

Integrante do grupo municipal popular do Concello de Pontevedra e vogal do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnico Industriais de Vigo na actualidade, foi presidente tamén da Asociación de Jóvenes Empresarios (AJE) de Pontevedra e vicepresidente de AJE Galicia no período 2017-2019; responsabilidades todas elas que compatibilizou coa actividade empresarial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL A JOAQUÍN MACHO CANALES

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o nomeamento de Joaquín Macho Canales como Secretario Xeral Técnico da Consellería do Medio Rural. Nado en Sevilla, era ata o de agora Secretario Xeral Técnico da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Joaquín Macho é Licenciado en Dereito pola Universidade Pontificia de Comillas. Desde 2006 é funcionario do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, na escala de letrados. Desempeñou tarefas de responsabilidade como letrado asesor no Gabinete Xurídico Territorial de Santiago.

No ano 2009 foi nomeado subdirector xeral de Recursos Humanos e Coordinación Administrativa da Consellería do Mar e en 2012 desempeña o cargo de vicesecretario xeral da Consellería do Medio Rural e do Mar. Posteriormente, no 2013 desenvolve o posto de asesor xurídico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Con anterioridade á súa etapa como Secretario Xeral Técnico da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade -cargo que ocupaba desde 2015 ata o nomeamento de hoxe-, foi vicesecretario xeral da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA E DE INTERESE SOCIAL TRES POLÍGONOS AGROFORESTAIS NA PROVINCIA DE OURENSE PARA POÑER EN VALOR UN TOTAL DE 232,55 HECTÁREAS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe tres acordos da Consellería do Medio Rural para desenvolver estes polígonos nos concellos de Castrelo de Miño, San Amaro e A Peroxa, que implican no seu conxunto 2.300 parcelas de 583 propietarios
- Elévase así a 14 o número de polígonos agroforestais de iniciativa pública declarados de utilidade pública na nosa comunidade, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria
- No día de hoxe, existen xa 23 polígonos en distintas fases de execución, que mobilizan 8.983 hectáreas distribuídas en 28.624 parcelas propiedade de 7.788 titulares

A Xunta aprobou hoxe tres acordos da Consellería do Medio Rural para declarar de utilidade pública e de interese social os polígonos agroforestais de Prado de Miño (Castrelo de Miño), San Amaro (San Amaro) e Mirallos (A Peroxa), para poñer en valor un total de 232,55 hectáreas na provincia de Ourense, distribuídas en 2.300 parcelas de 583 propietarios. Elévase así a 14 o número de polígonos de iniciativa pública declarados na nosa comunidade, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, do total de 23 que se atopan en distintas fases de execución.

Neste senso, cabe sinalar que o pasado 15 de xuño saían publicados no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) os acordos polos que se iniciaban os procedementos de aprobación para o desenvolvemento dos polígonos agroforestais da Peroxa e de San Amaro. O 16 de maio publicouse tamén no DOG o acordo do polígono de Castrelo de Miño.

Así, o polígono de San Amaro, situado no concello homónimo, conta cunha superficie de 28,03 hectáreas, distribuídas en 422 parcelas de 146 propietarios. Mentres, o polígono de Mirallos, no concello da Peroxa, abrangue 44,52 hectáreas repartidas en 193 parcelas de 65 titulares catastrais. Por último, o polígono de Prado de Miño, situado no concello de Castrelo de Miño, conta cunha superficie de 160 hectáreas, repartidas en 1.685 parcelas de 372 propietarios.

No caso do polígono de San Amaro, aínda que os usos e actividades admisibles se definirán no estudo de viabilidade, o terreo mobilizado presenta boa aptitude para a gandaría en extensivo, cultivos para a alimentación do gando e mesmo leñosos. No que se refire ao polígono de Mirallos, no concello da Peroxa, os usos incluirán, entre outros, a gandaría en extensivo. Mentres, o de Prado de Miño estará dedicado preferentemente

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a viñedo para a denominación de orixe Ribeiro, atendendo así unha demanda do sector nesta área de produción vitivinícola.

Cabe sinalar que o desenvolvemento destes polígonos agroforestais ten como obxectivo poñer en produción áreas de terra con boa capacidade produtiva que, co paso do tempo, acadaron estados de abandono ou infrautilización, e recuperar deste xeito unha actividade agrícola, gandeira ou forestal que -ao tempo que xera riqueza- contribúe a avanzar na anticipación aos incendios forestais.

23 polígonos

Na actualidade, estanse desenvolvendo un total de 23 polígonos agroforestais de iniciativa pública en toda Galicia, que se atopan en distintas fases de execución. Así, falamos de 8.983 hectáreas mobilizadas grazas á Lei de recuperación da terra agraria, de 28.624 parcelas e de 7.788 persoas propietarias directamente beneficiadas.

Cómpre apuntar que na maior parte dos polígonos xa se identificaron actividades admisibles e se prevé a súa recuperación a través de sistemas agroforestais, cultivos leñosos, gandería e cultivos agrícolas, entre outras posibles actividades secundarias.

Dentro dos 14 polígonos xa declarados -que inclúen os tres de hoxe-, os máis avanzados son os de Cualedro e Oímbra (onde xa se rematou a roza e posta a punto dos terreos) e onde acaba de notificarse a resolución de investigación da titularidade e se están recollendo os compromisos dos propietarios dentro do proxecto básico. Mentres, os de Barzamedelle (Leiro), Vences (Monterrei), Solbeira (Paderne de Allariz), Pousada (Riós), Vilalén-Tomonde (Cerdedo-Cotobade) e Mandelos (Crecente) -onde avanza os traballos de roza- atópanse na fase de investigación da titularidade. Pola súa banda, nos de Freixido (Larouco), Ver (Bóveda) e A Graña de Seoane (Montederramo) estanse a elaborar os respectivos estudos de viabilidade e a iniciar a investigación de titularidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA IMPULSA A TRAMITACIÓN DA LEI DO CLIMA PARA DARLLE RANGO LEGAL AO COMPROMISO DE CONSEGUIR UNHA GALICIA NEUTRA EN EMISIÓNS NO HORIZONTE DO ANO 2050

- Indica que o Consello aprobou hoxe someter a información pública e audiencia do anteproxecto lexislativo durante un mes co fin de enriquecer e mellorar o texto inicial
- Subliña que outras metas da normativa son “reducir un 57% as emisións ata 2030”, que as accións do clima sexan “un eixo transversal en todas as políticas” da Xunta e garantir “o equilibrio” entre a preservación da natureza e a actividade económica
- O Goberno galego apoiarase en tres instrumentos de planificación para avanzar no cumprimento destas metas: a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, os plans de acción para o clima e a enerxía sustentable, que serán obrigatorios para os concellos de máis de 20.000 habitantes, e os orzamentos de carbono
- Con esta norma a Xunta responde aos compromisos asumidos en materia climática no ámbito internacional, coa sinatura do memorando *Under2* ou a adhesión á Misión de adaptación da UE, e cumpre co mandato recibido do Parlamento a finais de 2021
- Como novidades, constituirase unha comisión interdepartamental para coordinar a acción das consellerías e impulsarase un consello asesor de expertos, así como un centro de coñecemento que concentre todo o avance científico galego nesta materia
- Rueda resalta que Galicia “é a segunda comunidade que reduciu máis as emisións desde 1990”

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello acordou hoxe abrir o período de exposición pública do anteproxecto de Lei do clima de Galicia, unha normativa que busca “darlle rango de legal ao compromiso de que Galicia sexa unha comunidade climaticamente neutra en 2050”, é dicir, “que as emisións queden neutralizadas grazas á capacidade de absorción que podemos ofrecer”.

Para conseguir esta meta, Rueda explicou que se vai traballar para “reducir nun 57% as emisións de efecto invernadoiro ata 2030”, para que as accións vencelladas ao clima “sexan un eixo prioritario en todas as políticas da Xunta” e garantir o equilibrio entre “acadar estes obxectivos e o fortalecemento da actividade económica”.

A través desta norma transformarase nunha obriga vinculante a consecución do reto da neutralidade climática en Galicia. Ademais desta meta principal e precisamente para axudar a lograla, a nova lei galega márcase como obxectivos introducir o clima e as accións necesarias de mitigación —para reducir as fontes de emisión ou potenciar os sumidoiros de GEI— e de adaptación —para mellorar a resiliencia de Galicia e os seus

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sectores máis relevantes ante o cambio climático— como un eixo prioritario e transversal en todas as políticas sectoriais da Xunta, e tamén o establecemento do deber de protexer, conservar e restaurar o clima por parte tanto das administracións públicas galegas como da sociedade en xeral.

Búscase así unha lei que garanta o respecto aos límites ecolóxicos e que teña entre os seus principios reitores o de non causar un prexuízo ambiental significativo.

Tal e como explicou o presidente, a futura Lei apoiarase en tres instrumentos de planificación para avanzar no cumprimento destas metas: a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e os seus plans de seguimento, aprobada en 2019 e na que se fixou por primeira vez o compromiso dunha Galicia climaticamente neutra; os chamados orzamentos de carbono, instrumentos quinquenais que fixan os límites totais de emisións GEI en Galicia como brúxula e folla de ruta que serva para orientar a acción política; e os plans de acción para o clima e a enerxía sustentable, fixados como obriga para concellos de máis de 20.000 habitantes.

Estruturada en 7 títulos e cun total de 54 artigos, a Lei do clima de Galicia recolle tanto os obxectivos cualitativos como as liñas estratéxicas que se desenvolverán na Comunidade nos vindeiros anos en materia de mitigación e de adaptación ao cambio climático.

Nesta liña, o anteproxecto prevé tanto instrumentos de planificación como unha serie de ferramentas ou iniciativas de diversa índole en que apoiarse para lograr os seus principais obxectivos. Entre as novidades cómpre subliñar a creación dun novo centro de coñecemento adscrito á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que concentre a actividade científica e tecnolóxica na materia.

Así mesmo, para avanzar na gobernanza e na dimensión social das políticas de clima constituirase unha comisión interdepartamental para coordinar a acción das distintas consellerías, crearase un consello asesor de expertos e un portal de acción climática, que servirá como ventá de divulgación e transparencia, e regularase por lei a Alianza polo clima para acadar o compromiso de todos os axentes que operan en Galicia co clima.

Por último e para contribuír tamén á planificación climática, recóllese a necesidade de que os procesos de contratación da Administración galega se rexan polos principios reitores da propia lei e sirvan así como exemplo dunha nova maneira de relacionar a actividade humana co ecosistema en que se leva a cabo, ao tempo que se avoga por un modelo produtivo e de consumo circular baseado no reaproveitamento dos recursos.

Pechar o círculo da sustentabilidade

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co impulso á Lei do clima de Galicia, a Xunta responde aos compromisos asumidos en materia climática no ámbito internacional —coa sinatura do memorando *Under2* no marco do Cumio internacional sobre cambio climático de 2021 en Glasgow ou a máis recente adhesión á Misión de adaptación da UE— e dá cumprimento á vez á proposición non de lei aprobada por unanimidade polo Parlamento autonómico a finais de 2021 e na que se instaba á Xunta a aplicar políticas climáticas no ámbito galego ante este fenómeno global.

Ademais, tal e como explicou o titular do Goberno galego, esta norma permitirá seguir avanzando na senda das medidas iniciadas e aplicadas xa nos últimos anos para facer fronte aos efectos do cambio climático e que están a dar os seus froitos. Rueda lembrou que “Galicia é a segunda comunidade que máis reduciu as emisións de efecto invernadoiro desde 1990 (un 34%)” e que no 2021 tamén foi a comunidade “con maior capacidade de absorción de CO₂”, xa que se incrementou en “case un 100%” con respecto ao mesmo ano de referencia.

Neste sentido, coa tramitación da Lei do clima, Galicia aspira a pechar o círculo normativo da sustentabilidade que iniciara no ano 2019 coa aprobación da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e da Estratexia de economía circular 2020-2030 e a entrada en vigor en 2021 da Lei de residuos e solos contaminados.

De igual xeito, a futura norma tamén se enmarca e virá complementar outras accións relevantes en materia de clima que está a desenvolver ou nas que participa a Xunta como, por exemplo, o Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía —iniciativa en que o Goberno autonómico actúa como coordinador—, a Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible ou a Alianza galega polo clima, que sitúan Galicia na vangarda das rexións europeas comprometidas coa acción climática e a sustentabilidade económica e ambiental.

Por último e en canto á tramitación, unha vez que o texto supere a fase de información pública e audiencia —que se abrirá nos vindeiros días polo prazo dun mes—, estudaranse todas as alegacións recibidas para valorar posibles melloras e incorporacións ao texto inicial e remitirase aos órganos de consulta procedentes, como o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. A previsión é poder remitir o proxecto de Lei ao Parlamento no último trimestre deste ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DA TORRE POLIVALENTE DO NOVO HOSPITAL PÚBLICO DA CORUÑA, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 35,2 M€

- Trátase da primeira peza do novo CHUAC e será o nexa entre as novas edificacións e o hospital actual a través dunha pasarela a varios niveis
- A infraestrutura contará con 12.639 m² e distribuirase en 16 andares, acollendo servizos de administración, as áreas de xestión, os laboratorios e o Hotel de Doentes, con 14 cuartos
- Habilitarase un acceso para os usuarios do Hotel de Doentes e o persoal administrativo, cunha zona cuberta como gran soportal de acceso; e outra entrada para o persoal sanitario, onde se disporá unha praza de uso público
- A Xunta continúa avanzando no impulso do Novo CHUAC coa recente aprobación do proxecto de demolición do Hotel de Doentes, que se licitará nas vindeiras semanas e suporá un investimento de 1,4 M€
- O Goberno galego tamén licitará en breve o contrato de concurso e obra dos accesos, que suporán un investimento estimado en máis de 25 M€
- O Novo CHUAC é un proxecto estratéxico para blindar a atención a máis de 550.000 pacientes da área sanitaria da Coruña e Cee nas vindeiras décadas, a que a Xunta destina un investimento de máis de 500 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a licitación das obras da torre polivalente do novo Hospital Público da Coruña, o novo CHUAC, que suporán un investimento de preto de 35,2 M€.

Trátase da primeira peza do novo Hospital Público da Coruña, que se construírá na parcela sen edificar que está situada ao carón do actual complexo hospitalario, servindo de nexa entre as novas edificacións e o hospital actual, a través dunha pasarela a varios niveis que o conectará co bloque oeste existente.

O contrato autorizado hoxe consiste na execución da torre e a previsión de acometer a pasarela unha vez que se aprobe o proxecto de interese autonómico, previsiblemente a finais deste ano, ao atoparse actualmente no trámite de información pública.

O novo edificio contará cunha superficie de 12.639 m² e unha distribución en 16 andares, 4 deles baixo rasante, que acollerán a administración, as áreas de xestión sanitaria, os laboratorios e o Hotel de Doentes, con 14 cuartos.

O uso do edificio é polivalente, con dúas plantas destinadas a Hotel de Doentes. Os niveis 0, 1 e 2 albergarán instalacións e servizos; o 3, o novo servizo de informática de todo o complexo; o 4 será a nova entrada do persoal; do 5 ao 12 organizaranse as áreas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

administrativas; o 13 e o 14 son para 14 habitacións e espazos de soporte ao Hotel de Doentes; e no 15 situarase a instalación de clima.

A execución desta infraestrutura, cun prazo de 18 meses, prevé a disposición de dous accesos para garantir unha mellor funcionalidade. Así, acometerase unha entrada para os usuarios do Hotel de Doentes e persoal administrativo, cunha zona cuberta que conformará un gran soportal de acceso, e outra entrada para persoal sanitario, en cuxo exterior se disporá unha praza de uso público e zonas verdes.

A Xunta continúa avanzando no impulso do novo CHUAC, dando novos pasos, como a recente aprobación do proxecto de demolición do actual Hotel de Doentes, que se licitará nas vindeiras semanas e suporá un investimento de 1,4 M€.

Esta intervención é necesaria para habilitar o espazo preciso para a execución do novo anel perimetral do sistema viario que bordeará o novo CHUAC.

O Goberno galego tamén licitará en breve o contrato de concurso e obra dos accesos, que suporán un investimento estimado de máis de 25 M€.

O Novo CHUAC é un proxecto estratéxico xa en marcha en que están a traballar, conxuntamente, as consellerías de Sanidade e de Infraestruturas, cun investimento de máis de 500 M€, para blindar a atención sanitaria de máis de 550.000 pacientes da Área Sanitaria da Coruña e Cee nas vindeiras décadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 6,2 M€ A DAR CONTINUIDADE AO LABOR DOS CENTROS TECNOLÓXICOS E DE APOIO Á INNOVACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

- A Consellería de Economía, Industria e Innovación renova este financiamento basal por dous anos mais para potenciar as liñas estratéxicas de investigación destas entidades e a súa transferencia ao mercado
- Esta liña de apoios diríxese aos sete centros tecnolóxicos de Galicia e aos dous centros de apoio á innovación tecnolóxica que figuran no rexistro estatal do Ministerio de Ciencia e Innovación e que son un referente en España pola súa especialización, posicionamento e competitividade
- Vincula o financiamento público aos resultados obtidos por cada centro en transferencia de coñecemento ou captación de fondos competitivos, entre outros indicadores
- Esta axuda permite aos centros reter e captar talento ao apoiar a formación, contratación e estabilización do seu persoal de I+D

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión desta mañá unha nova convocatoria de financiamento basal para dar continuidade, por dous anos mais, ao labor que desenvolven os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia que figuran no rexistro estatal do Ministerio de Ciencia e Innovación. Destinaranse 6,2M€ durante os anos 2023 e 2024.

Deste xeito, as axudas diríxense aos sete centros tecnolóxicos de Galicia - Aimen, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradiant), Anfaco-Cecopesca, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), EnergyLab e o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (Cetim). Tamén se inclúen os dous centros de apoio á innovación tecnolóxica: Centro Tecnolóxico da Auga (Cetaqua) e o Clúster de Acuicultura de Galicia (Cetga).

A Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación, renova este financiamento co obxectivo de proporcionar a estes centros un horizonte de certeza económica que lles permita planificar e executar, coa programación adecuada, as actividades de I+D+i que pretenden realizar.

Hai que ter en conta que estes centros son un referente estatal pola súa especialización, posicionamento e competitividade. Son axentes clave do noso ecosistema pola súa contribución ao desenvolvemento de tecnoloxías e á innovación, así como pola súa colaboración en iniciativas tractoras. Os centros traballan en torno ás cadeas de valor estratéxicas de Galicia e están aliñados coas prioridades tecnolóxicas da Comisión

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Europea, o Goberno de España e a nosa Comunidade. Como exemplo, Atiga engloba os sete centros tecnolóxicos que supoñen 1700 persoas dedicadas á investigación e transferencia, 2000 clientes, 90 millóns de facturación, 450 proxectos e 140 patentes.

As axudas, que se abrirán na primeira quincena de xullo, distribúense en función de 17 indicadores que valoran a perspectiva financeira, de resultados e excelencia, e de persoal e igualdade de cada centro. Vincúlase o financiamento público aos resultados obtidos por cada centro en transferencia de coñecemento e captación de fondos competitivos, entre outros aspectos.

Apóiasse o custo de persoal investigador ou técnico, material bibliográfico e funxible, custos de formación do persoal do centro e outros gastos ata un máximo do 10% da axuda concedida. Deste xeito, as axudas impulsan a atracción e retención de talento.

Enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia, este financiamento basal promove así a excelencia científico-técnica e a posta en valor do coñecemento, impulsando a colaboración co tecido empresarial para potenciar o impacto na competitividade das empresas e o crecemento da economía galega.

Desde o ano 2009 destináronse máis de 25M€ a este tipo de apoios. Ademais, estas actuacións xeraron un emprego inducido de preto de 760 postos de traballo cualificados nos últimos 10 anos (2013-2022). Esta liña complementábase coas axudas á adquisición de infraestruturas para fortalecer as capacidades destes centros, e co financiamento basal ás fundacións de investigación sanitaria e os centros do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) en Galicia.

Un dos obxectivos destes centros é cubrir a fenda existente entre a ciencia e as solucións tecnolóxicas e innovadoras que demandan tanto o tecido empresarial como as administracións. Por iso, o Goberno galego tamén deseñou programas específicos como Conecta Peme, Fábrica Intelixente e Sustentable ou as unidades mixtas de investigación, que pretenden impulsar unha participación activa destes centros promovendo a súa cooperación coa industria e favorecendo que a innovación chegue a todo tipo de empresas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO INCREMENTARÁ O VINDEIRO CURSO OS AUXILIARES DE CONVERSA ATA OS 655 PARA SEGUIR IMPULSANDO A APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

- O Consello da Xunta dá luz verde a acordos co Ministerio de Educación e coa Comisión Fulbright por importe de máis de 4,2M€ para este fin
- Aumentan en 18 o número nas aulas galegas destas persoas, que funcionan como apoio ao ensino de inglés, francés, portugués, alemán e chinés

O sistema educativo galego incrementará o vindeiro o número de auxiliares de conversa ata os 655 ao abeiro de diferentes vías, ben directamente financiados pola Xunta, ben a través da colaboración interinstitucional co Ministerio de Educación, co Instituto Confucio, co Instituto Camões ou coa Comisión Fulbright.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde aos acordos co Ministerio de Educación e coa Comisión Fulbright por importe de máis de 4,2M€ para este fin. A través deles, aumenta en 18 o número destas persoas nas aulas galegas, que funcionan como apoio ao ensino de inglés, francés, portugués, alemán e chinés.

A figura da persoa auxiliar de conversa é un elemento clave para achegar a realidade cultural e lingüística do seu país de orixe ao alumnado galego. Deste xeito, estas persoas levan a cabo un importante servizo complementario, ao apoiaren o labor do profesorado, facilitando as prácticas de conversa en linguas estranxeiras. Ademais, representan un auténtico vehículo de achegamento á cultura dos países onde se fala a lingua obxecto de estudo, polo que contribúen a reforzar o labor docente na compoñente de multiculturalidade.

A estes 525 auxiliares destes acordos engadiranse proximamente o resto dos auxiliares que se incorporarán ao sistema educativo galego a través das devanditas vías de colaboración con outras institucións, sumando un total de 655 auxiliares de conversa para o vindeiro curso.

Máis de 4,2M€

No caso da colaboración co Ministerio, serán en total 485 auxiliares (453 de lingua inglesa, 15 de lingua francesa, 8 de lingua portuguesa, 7 de lingua alemá e 2 de chinés). Estes profesionais desenvolverán a súa actividade maioritariamente en centros plurilingües, escolas oficiais de idiomas e centros educativos con seccións bilingües. Así mesmo, recibirán unha axuda económica e realizarán funcións de apoio á docencia da lingua estranxeira no centro de destino, sempre supervisados por unha persoa profesora titora-coordinadora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta financia de xeito íntegro a estada destas persoas en Galicia, ademais de asignalas aos diferentes centros plurilingües, con seccións bilingües ou escolas oficiais de idiomas.

No referido ao acordo coa Comisión Fulbright, permitirá dotar o sistema educativo galego de 40 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico. Neste caso a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades financia o 86% do convenio de colaboración.

Edulingüe 2030

Esta liña de actuación está enmarcada na nova Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2030, que ten como obxectivo para os próximos anos consolidar os programas de éxito desenvolvidos na última década no impulso do plurilingüismo, en concreto na liña de impacto 5, centrada nas dinámicas de alta especialización de apoio lingüístico. A estratexia está dotada con 83M€ para a súa primeira fase de implantación, ata 2025.

O modelo plurilingüe, que arrancou en Galicia no curso 2010/11, está implantado en 465, centros de toda Galicia e acada os 100.000 alumnos beneficiados fronte aos 12.500 con seccións bilingües no curso 2008/09.

Ademais, as bolsas Fulbright contribúen tamén a consolidar resultados en que Galicia é a comunidade autónoma con alumnos con mellor nivel de inglés segundo o ranking internacional EF EPI, o único baseado en avaliacións do idioma realizadas por 2,1 millóns de persoas de 111 países. E tamén Galicia é un referente en todo o Estado en respecto e tolerancia, como indican os resultados do último informe PISA. O alumnado galego sitúase nos primeiros postos, por riba da media de España e do conxunto dos países da OCDE.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 7,6 M€ PARA 49 CONTRATOS POSDOUTORAIS DE FORMACIÓN INICIAL NO SISTEMA GALEGO DE INVESTIGACIÓN

- O Consello dá luz verde a estas axudas, cuxos beneficiarios recibirán 32.000€ anuais durante tres anos, ademais de complementos de ata 2.000€ segundo o lugar de destino
- Estas axudas enmárcanse na aposta do Goberno galego por favorecer a carreira científica e o desenvolvemento dun sistema galego de investigación forte especializado

O Consello da Xunta vén de aprobar a orde conxunta entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a Consellería de Economía, Industria e Innovación pola que se convocan as axudas de apoio á formación inicial posdoutoral por un importe de 7.575.340€ e un total de 49 contratos científicos para o ano 2023.

Con esta orde, xunto coa aprobada recentemente de contratos posdoutorais de continuidade, que suman 10M€, o Goberno galego implementa un ano máis o programa de formación posdoutoral que ten por obxectivo incorporar persoal investigador ao sistema de I+D+i galego, fomentando, na súa etapa inicial, a adquisición e perfeccionamento de habilidades e a mobilidade internacional para mellorar a súa capacitación.

As axudas van destinadas ás tres universidades públicas galegas, aos organismos públicos de investigación da comunidade autónoma, ás fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e aos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia que contraten persoas tituladas superiores que obtivesen recentemente o título de doutor para a súa formación nos seus centros, unidades ou departamentos. Ademais, isto vai permitir a mellora das súas capacidades mediante estadias de investigación posdoutoral no estranxeiro ou, en casos excepcionais, en centros de I+D+i de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estadías

Nesta modalidade de apoio á etapa de formación posdoutoral convócase un total de 49 axudas por un importe total de preto de 7,6M. Os beneficiarios accederán a un contrato de investigador de tres anos de duración e cun salario bruto anual de 32.000 €.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais do soldo base anual, por cada mes de estadia, os beneficiarios recibirán un complemento de 1.000 euros (Portugal ou Andorra), 1.500 euros se o destino da estadia está en Europa (agás Portugal ou Andorra), África ou América (agás Estados Unidos e Canadá) e 2.000 euros se o destino da estadia está en Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía.

Así mesmo, as persoas investigadoras que acaden a condición de bolseiras Fulbright recibirán a maiores outra contía de 500 euros brutos mensuais durante cada período de estadia en Estados Unidos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA UN PAQUETE DE MEDIDAS DE PRETO DE 50 M€ PARA AXUDAR AS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN, AS FAMILIAS, OS MAIORES E AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- Salienta que estas axudas permitirán achegar ás entidades sociais recursos para mellorar a súa atención
- Unha das convocatorias será para o funcionamento dos comedores sociais ou centros de acollida, así como para financiar actuacións que favorezan o acceso ao mercado laboral de persoas en exclusión
- A outra orde tamén financiará diferentes iniciativas, así como gastos de investimento referidos a obras, adquisición de equipamento ou rehabilitación de centros

O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, puxo en valor hoxe a aprobación no Consello da Xunta dun paquete de medidas por preto de 50 millóns de euros destinado a axudar as persoas en risco de exclusión, as familias, os maiores e as persoas con discapacidade. Segundo precisou, este investimento canalizarase a través de dúas ordes de axudas, de 19,7 e 18,5 millóns de euros. Esta última será ampliada nos vindeiros meses con outros 10 millóns de euros. Con estas partidas, considerou que se achegan ás entidades sociais “os recursos necesarios para mellorar a súa atención”.

Rueda precisou que a primeira orde aprobada, de preto de 20 millóns de euros, habilita fondos para o funcionamento de diferentes instalacións de asociacións e colectivos que traballan na atención a persoas en exclusión. Deste xeito, segundo apuntou, financiará, por exemplo, o servizo en comedores sociais, albergues ou centros de acollida; e tamén achegará os fondos para o desenvolvemento de programas que favorezan o acceso ao mercado laboral, actuacións de inclusión da poboación inmigrante ou de persoas sen fogar, entre outras.

O mandatario galego salientou que é a vez que máis fondos se destinan a esta orde de axudas, “un 7,7 % máis que na última convocatoria plurianual”.

Orde a cargo do IRPF

En canto a segunda orde de axudas, o presidente galego informou de que está financiada con cargo ao Imposto sobre a renda de persoas físicas (IRPF) e conta cun orzamento de 18,5 millóns de euros, que será ampliado nos vindeiros meses ata os 28 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda lembrou que desde hai tempo o IRPF permítelles aos contribuíntes destinar un 0,7 por cento da súa cota íntegra a fins sociais e, desde 2017, a maior parte desta contía é xestionada polas comunidades autónomas.

Estes fondos, que financiarán tamén diferentes iniciativas, así como gastos de investimento referidos a obras, equipamento ou rehabilitación de centros, irán destinados tamén ás entidades sociais no seu amplo abano, tanto para aquelas que traballan na asistencia a persoas en situación de exclusión social como aquelas que o fan con maiores, persoas con discapacidade, menores ou coa mocidade.

O presidente da Xunta salientou o feito de que ano pasado esta orde de axudas con cargo ao recadro social do IRPF permitiu a posta en marcha "de preto de 600 programas da man de 132 entidades sociais" de diversos ámbitos relacionados coa Consellería de Política Social e Xuventude.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O SERGAS PRESENTA OS 5 EIXOS DA SÚA ESTRATEXIA DE ECONOMÍA CIRCULAR PARA REDUCIR O IMPACTO AMBIENTAL A TRAVÉS DA INNOVACIÓN

- Desenvólvese así, no eido sanitario, a Estratexia galega de economía circular vixente en Galicia para esta década
- Os eixos de actuación recollidos na Estratexia son un total de cinco: Recursos e materias primas; Residuos e pegada ambiental; Ecodeseño de procesos; Investigación, innovación e investimento responsable; e Comportamento social, co propósito de asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario como camiño cara a unha contorna saudable
- O Sergas aposta por unha estratexia aberta e participativa, para a que se conformaron dous grupos de traballo, un interno con representantes das sete áreas sanitarias e servizos centrais, e outro externo que engloba representantes das tres universidades galegas, xunto co Clúster Saúde de Galicia, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Axencia Galega de Industria Forestal e o Clúster da Madeira e Deseño de Galicia
- A nosa comunidade leva case dúas décadas nun proceso de transformación cara a un sistema sanitario sustentable, que dea resposta ás necesidades futuras da poboación galega
- Cada área sanitaria e cada centro de traballo poderá definir a folla de ruta que máis se adapte ás súas necesidades concretas
- Anualmente establecerase unha priorización de accións que implantar, que se incluírán nos acordos de xestión que o Sergas asina coas súas áreas sanitarias

O Consello da Xunta aprobou a Estratexia de economía circular do Servizo Galego de Saúde, que ten como obxectivo buscar iniciativas innovadoras que resolvan o impacto que a actividade continuada do Sergas, os 365 días do ano, causa ao ambiente. Trátase dun reto ineludible que o departamento sanitario galego afronta a través deste documento co propósito de asegurar a sustentabilidade do sistema sanitario como camiño cara a unha contorna saudable e equilibrada para os seus habitantes. A introdución da economía circular no sector da saúde supón un aforro de custos, unha maior eficiencia, e a redución do impacto ambiental e de emisións de CO₂ equivalente, entre outros avances.

A estratexia ten un horizonte temporal marcado no ano 2030, e será a principal ferramenta para impulsar o cambio dun modelo lineal cara a un circular, mediante a promoción dun desenvolvemento sustentable cun claro enfoque na sustentabilidade ambiental pero, tamén, tendo en conta os determinantes sociais da saúde e as repercusións do cambio climático nela.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este documento desenvolve no eido sanitario a Estratexia galega de economía circular 2020-2030 (EGEC), aprobada pola Xunta en 2019, co reto de situar Galicia como referente europeo en materia de sustentabilidade económica e ambiental.

Multidisciplinar, aberta e participativa

Cómpre remarcar que o Sergas leva case dúas décadas nun proceso de transformación cara a un sistema sanitario sustentable, que dea resposta ás necesidades futuras da poboación galega, e esta estratexia ten como fin servir de apoio ás persoas que integran o departamento sanitario galego para que poidan continuar a traballar nas accións iniciadas dende hai 20 anos.

O Sergas apostou por unha estratexia multidisciplinar, aberta e participativa, para a que se conformaron dous grupos de traballo, un interno con representantes das sete áreas sanitarias e servizos centrais, e outro externo que engloba representantes das tres universidades galegas, xunto co Clúster Saúde de Galicia; a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Axencia Galega da Industria Forestal e o Clúster da Madeira e Deseño de Galicia.

Ao respecto, desenvolveuse un diagnóstico da situación dos proxectos e iniciativas sustentables que xa se estaban a levar a cabo nas diferentes áreas sanitarias, tanto en hospitais como en centros de saúde, para poñelas en valor e que sirvan de transmisión e difusión da cultura de sustentabilidade e circularidade a profesionais, pacientes, familiares, acompañantes e provedores.

Cómpre sinalar que cada área sanitaria e cada centro de traballo poderá definir a folla de ruta que máis se adapte ás súas necesidades concretas, dando prioridade aos eixos estratéxicos. Para asegurar unha homoxeneidade na implantación, establecerase anualmente unha priorización das accións que se vaian realizar, que se incluírán nos acordos de xestión que o Sergas asina anualmente coas súas áreas sanitarias. Ademais, con carácter anual, o Sergas elaborará un informe de seguimento da Estratexia.

Accións que se levarán a cabo

Os eixos de actuación recollidos na Estratexia son un total de cinco: Recursos e materias primas; Residuos e pegada ambiental; Ecodeseño de procesos; Investigación, innovación e investimento responsable; e Comportamento social.

No primeiro dos eixos, Recursos e materias primas, as liñas que se seguirán serán a minimización do consumo de combustibles fósiles e a mellora da eficiencia enerxética; a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

construción sustentable potenciando o uso de materiais e recursos naturais; a adecuación dos centros sanitarios para evitar perdas enerxéticas e a certificación sustentable de centros sanitarios, así como optimizar os deseños de xardíns nos centros sanitarios; e accións dirixidas a minimizar o consumo de auga.

No segundo dos eixos, Residuos e pegada ambiental, as liñas estratéxicas serán a diminución dos gases de efecto invernadoiro; diminuír a xeración de residuos de papel e carbón e diminuír a utilización de plásticos, así como diminuír a xeración de residuos propios da actividade sanitaria.

No eixo tres, Ecodeseño de procesos, impulsárase o desenvolvemento tecnolóxico necesario para avanzar cara a un sistema circular; fomentáranse as colaboracións entre institucións e centros de investigación; reducirase a xeración de residuos dende o ecodeseño; e redeseñáranse os procesos sanitarios e non sanitarios para asegurar a súa transición á circularidade.

No eixo catro, investigación, innovación e investimento responsable, traballarase en pro do diagnóstico de necesidades para a procura de solucións sustentables innovadoras e na centralización de adquisicións e contratos, así como no desenvolvemento de proxectos de I+D+i, en colaboración coas universidades.

No eixo cinco, Comportamento social, desenvolveranse proxectos para promover un consumo responsable e sustentable na cidadanía (pacientes, familiares, traballadores e provedores), así como proxectos de adherencia ao tratamento e de comunicación de forma efectiva referidos á sustentabilidade, ás vagas de calor ou de frío, ás pandemias, etc.

Entre as iniciativas en marcha está o Proxecto de anestesia sustentable, que por alcance (rexional) e situación tecnolóxica non ten equivalente en Europa. Este proxecto pretende mitigar o impacto que os gases empregados na anestesia xeral inhalada teñen na pegada ambiental da actividade sanitaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA UN NOVO PROGRAMA DE AXUDAS PARA APOIAR CON 2 M€ A FORMACIÓN DE CURTA DURACIÓN DIRIXIDA A PERSOAS TRABALLADORAS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe esta innovadora iniciativa dirixida a microempresas, pequenas empresas, entidades do terceiro sector da acción social e profesionais autónomos para formar persoas ocupadas por conta allea
- Finánciase unha cualificación destinada a actualizar e mellorar os coñecementos e competencias dos cadros de persoal das empresas para dar resposta ás necesidades do tecido produtivo e á transición dixital e ecolóxica que está a vivir o mercado laboral
- A iniciativa enmárcase na Axenda galega de capacidades para o emprego aprobada pola Xunta, un pacto baseado na colaboración público-privada que permite, entre outras, unha oferta de microformacións que están a demandar as empresas

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha innovadora iniciativa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para apoiar accións formativas de curta duración dirixidas a persoas traballadoras ocupadas por conta allea, co fin de dar resposta ás necesidades do tecido produtivo. Así, nas vindeiras semanas convocarase a primeira edición dos bonos Talento Empresa, dotados con dous millóns de euros para financiar en microempresas, pequenas empresas, entidades do terceiro sector da acción social e profesionais autónomos o desenvolvemento de accións formativas dun mínimo de 16 horas e un máximo de 100 horas.

Os destinatarios da cualificación serán as persoas ocupadas por conta allea que formen parte do cadro de persoal das empresas, autónomos ou entidades beneficiarias das axudas da Xunta.

Cada vez son máis as persoas que necesitan actualizar e mellorar os seus coñecementos, capacidades e competencias para reducir a fenda entre a súa formación e as necesidades dun mercado de traballo en constante evolución. As persoas traballadoras estanse enfrontando a cambios sen precedentes na organización do traballo e o mercado laboral está a vivir unha transición dixital e ecolóxica, polo que o perfeccionamento e a reciclaxe continua das persoas traballadoras son esenciais para que poidan responder ás necesidades do seu emprego actual ou para a transición a novos empregos e sectores en expansión.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo programa enmárcase na Axenda galega de capacidades para o emprego, que está a despregar o Goberno galego seguindo as directrices europeas, co obxecto de mellorar as capacidades das persoas, para fortalecer a competitividade das empresas e garantir a equidade social. Entre os obxectivos da Axenda, un pacto social pola capacitación baseado na colaboración público-privada, está a cualificación ao longo da vida das persoas traballadoras e a formación á carta. Unha das medidas previstas para acadar estes retos son os bonos formación que permitan o desenvolvemento de microformacións.

Beneficiarios das axudas

Os bonos Talento Empresa financiarán, así, estas accións formativas de curta duración con axudas máximas de 25.000 euros por entidade. Poderán optar a estes apoios microempresas e pequenas empresas, así como entidades do terceiro sector da acción social, validamente constituídas tres anos antes da data de publicación desta convocatoria e con actividade ininterrompida, cando menos, desde tres anos antes da data de publicación, con centro de traballo en Galicia, onde deberán desenvolver a actividade para a cal solicitan a axuda. As entidades do terceiro sector da acción social poderán ser beneficiarias destas axudas, sempre que cumpran a condición de microempresa ou pequena empresa. No caso das microempresas e pequenas empresas, a estimación da Consellería de Promoción do Emprego é cualificar a través deste programa unhas 1.200 persoas en 120 empresas.

Pola súa banda, as persoas traballadoras autónomas terán que contar con persoas contratadas ao seu cargo e estar validamente inscritas no réxime especial de traballadores autónomos (Reta) ou no réxime especial de traballadores do mar por conta propia, con centro de traballo en Galicia e cunha antigüidade como cotizante igual ou superior a tres anos ininterrompidos inmediatamente anteriores á data de publicación desste programa.

As persoas traballadoras ocupadas por conta allea que se atopen contratadas baixo a modalidade de fixos descontínuos poderán realizar a formación tanto nos períodos de ocupación como de non ocupación. Así mesmo, a consideración como persoas traballadoras ocupadas por conta allea virá determinada pola situación laboral en que se atopen na data de comezo da acción formativa.

As axudas previstas nesta orde están cofinanciadas nun 60 % polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Con esta actuación o Goberno galego aspira a mellorar a cualificación profesional das persoas traballadoras, a competitividade das empresas e as oportunidades en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO DE AVALIACIÓN, TESTAXE E MELLORA DE FERRAMENTAS DE AXUDA Á PLANIFICACIÓN DOS USOS AGROPECUARIOS E FORESTAIS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural, e a USC por un importe de 100.000 euros deica o próximo ano 2024
- O obxectivo é favorecer a ordenación do territorio rural galego co fin de acadar un desenvolvemento económico e social sustentable, nomeadamente no marco dos primeiros catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais desenvolvidos ao abeiro da Lei de recuperación da terra

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural, e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a posta en marcha dun proxecto de avaliación, testaxe e mellora de ferramentas de axuda á planificación de usos agropecuarios e forestais, no marco dos traballos que se están a desenvolver ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. O convenio conta cun importe de 100.000 euros, que se investirá deica o próximo ano 2024.

O obxectivo deste convenio é favorecer as condicións para a ordenación do territorio rural galego co fin de conseguir un desenvolvemento económico e social sustentable, para o cal é necesario localizar os usos agropecuarios e forestais nos lugares óptimos desde o punto de vista da eficiencia económica e da sustentabilidade ambiental. Así, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está a poñer en marcha os primeiros catálogos parciais de solos agropecuarios e forestais a distintas escalas territoriais e está interesada en testar estes sistemas informáticos e levar a cabo o proceso de adecuación necesario para que estas ferramentas dean resposta ás necesidades e aos requirimentos establecidos na Lei de recuperación e poidan ser aplicadas por técnicos da Consellería do Medio Rural.

A Lei de recuperación da terra agraria recolle a elaboración do Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia, que representará o instrumento marco para a ordenación e xestión do desenvolvemento dos usos do solo sobre o territorio galego. O catálogo clasificará a totalidade dos terreos agroforestais en agropecuarios ou forestais en función da súa aptitude produtiva actual e potencial a partir dunha análise de factores físicos, ambientais, estruturais e socioeconómicos. Con este fin, o Catálogo incluirá entre os seus contidos a identificación e caracterización dos diferentes usos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

agroforestais, mapas de aptitude para cada un destes usos e un mapa de ordenación de usos agroforestais.

Para levar a cabo este obxectivo é necesario desenvolver e validar as metodoloxías máis axeitadas para cada escala territorial, así como dispoñer de ferramentas informáticas que faciliten a súa aplicación aos técnicos da Axencia. Neste contexto, o Laboratorio do Territorio da Universidade de Santiago de Compostela ten experiencia en estudos relacionados coa ordenación e planificación sustentable de terras e do territorio, pois ten participado na execución de material de diversos proxectos relacionados e ten desenvolvido diversas metodoloxías e sistemas informáticos de axuda á planificación e ordenación de usos a nivel local.

Deste xeito, a Universidade de Santiago de Compostela ten o fin de continuar a mellora dos algoritmos destes sistemas e, en particular, a súa adecuación a outros procesos de planificación de usos da terra, cun interese enfocado á súa utilización a través de sistemas de información xeográfica consolidados no nivel de usuario, facilitando así a súa implantación práctica.

Con este fin, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural contribúe ao financiamento dos traballos que desenvolverá a USC cun importe de 100.000 euros distribuídos en dúas anualidades (35.000 euros en 2023 e 65.000 euros en 2024), pero ademais desenvolverá parte dos traballos técnicos -de xeito coordinado coa Universidade- para a aplicación das metodoloxías e sistemas desenvolto pola USC en dous catálogos piloto a dúas escalas territoriais diferentes: un a escala parroquial e outro a escala comarcal.

Así, este convenio permitirá á Universidade de Santiago de Compostela avanzar na mellora e ampliación do alcance funcional dos algoritmos dos sistemas informáticos, desenvolver novas funcións e operadores de interface gráfica e testar e validar a efectividade dos sistemas e as metodoloxías na axuda á toma de decisións na elaboración dos catálogos de solos agropecuarios e forestais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE CARLOS BOTANA COMO PRESIDENTE DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao nomeamento de Carlos Botana como novo presidente da Autoridade Portuaria de Vigo. Así o recolle un informe da Consellería do Mar analizado hoxe na reunión do Executivo galego.

Carlos Botana naceu na cidade olívica no 1972 e é licenciado en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo. Comezou a súa actividade laboral no departamento de calidade e produción dunha empresa armadora de pesca e posteriormente foi xefe de proxectos relacionados coa Administración pública e portos nunha firma de enxeñeiros consultores de medio ambiente.

Desde 2002 ocupou distintos postos na Autoridade Portuaria de Vigo, onde foi xefe da División de Operacións Pesqueiras e da de Medio Ambiente. Desde 2015 ata a actualidade estivo á fronte do departamento de Sustentabilidade do peirao vigués.

Ademais é experto en economía azul, de feito é coordinador da estratexia de crecemento azul do organismo portuario vigués e, neste eido, tamén é presidente da Rede de Crecemento azul. A maiores forma parte do comité de Clima e Enerxía da Asociación Internacional de Portos e do de Sustentabilidade e Desenvolvemento da Organización de Portos Marítimos Europeos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA